

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día vintenove de xullo de dous mil quince, acordou por asentimento a concesión dunha oportunidade extraordinaria de recuperación extraordinaria para o alumnado que cursou materias dos Plans de estudos en extinción polo grao ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación nos termos que se transcriben:

“PRIMEIRO.-

O alumnado ao que lle falten por superar materias dunha titulación anterior ao Real Decreto 1393/2007 e sempre que as estean a cursar polo Grao ao abeiro do artigo 13 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, poderá realizar un novo exame nunha única oportunidade de recuperación se cumpre as seguintes condicións:

1. Que o alumnado teña un máximo de 3 materias ou 18 créditos e que se estean a cursar polo Grao, ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación
2. Que teña a cualificación de “suspenso” nas dúas oportunidades do curso 2014-15

SEGUNDO.-

A oportunidade extraordinaria de recuperación realizarase en setembro. Os centros estableceran as datas de realización desta oportunidade extraordinaria de recuperación, tendo en conta que debe realizarse e as actas pecharse antes do remate do plan de estudos o 30 de setembro.

TERCEIRO.-

Unha vez realizada esta recuperación extraordinaria sobre a segunda oportunidade, ao alumnado que supere a materia ou as materias, se lle imputarán no seu expediente correspondente a titulación en extinción.

No caso de non superalas deberá adaptarse obrigatoriamente ao Grao”.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a tres de agosto de dous mil quince.



*C. Ferreiro*